

BOLETÍN DE NADAL

Benqueridas familias, nenas e nenos:

Xa están aquí os días de frío e xa presta quedar ao calor do fogar cun bo libro para ler en familia, non si? O tempo de nadal xa peta nas portas. Como pasa o tempo! Parece que foi onte cando "Corre corre cabaciña" ou "A figueira de Pelostortos" se facían presentes nas aulas para acompañar a celebración do Samaín. Co andar do outono, as árbores deixaron caer as súas follas, e caeron na biblioteca de Daniel, que tivemos ocasión de visitar nestes meses para aprender sobre os océanos, e ademais marchamos cun bo cargamento de peixiños de refugallo, que saíron das nosas mans. E así, a cabalo do vento, xa estamos en decembro.

Dende que escomezou o curso, e pese a continuar nesta nova realidade, a biblioteca non parou de funcionar, e así, fomos gozando das lecturas e do sabor dos nosos océanos a través dos libros.

Daniel, o noso amigo, está encantado, de que pudemamos volver a vernos aquí, todos xuntiños, e animados, porque a este becho feo chamado Coronavirus, vencerémolo entre todos, montados no noso buque oceanográfico, como o que tiña Ángeles Alvariño.

É unha loita de todos os días e estámola levando a bo porto, pero sobre todo é unha gran viaxe que nos toca facer. Unha viaxe cargada de experiencias, na cal a través do cariño, do amor, da cultura, e da nosa forza,

habemos ser quen de vencer a este inimigo. Máis non rematou aí a nosa andadura, porque como ven sendo habitual, Daniel

volveunos regalar este ano uns cadernos para que, seguindo os seus pasos, debuxemos neles aquilo que nos guste, aquilo que nos emocione. Así esta viaxe, faise moito máis doada e levadeira.

Dende a escola queremos facervos chegar unha mensaxe de esperanza, forza, cariño e valor, que vos sirva a tod@s para facer esta travesía o máis rápida e levadeira posible. E que mellores compañeiros de viaxe que os libros? Os libros ábrennos unha ventá ao mundo, son un sopro de aire fresco que serve para mergullarnos en realidades agradables. E son tamén, inestimables compañeiros de viaxe que nos aportan felicidade, emocións e sobre todo, cultura. Por iso, non queremos rematar este ano, sen antes deixarvos unha mancha de recomendacións para tod@s vós, para que así poidades pasar un Nadal agradable e se queredes, pidades un bo agasallo. Porque un libro sempre vai ser o mellor agasallo do mundo.

Sen máis, recibide os nosos mellores desexos de amor, paz e harmonía e que o vindeiro ano veña cargado de boas lecturas. e de moita saúde para todo o mundo!


O Equipo de biblioteca e de mestres do C.R.A. de Rianxo deséxavos...

Boas festas!


**C.R.A. DE RIANXO
Club de lectores**

"Amigas e amigos de Daniel"

INFANTIL




Miriam Tirado
Ilustraciones:
Marta Moreno
B de Blok




Marketa Spacková
Ekaterina Kol esnikova
Baía edicions

Pleur Daugfi
Bernard Duisit
Tom Vaillant
Ed. Luis Vives




Eva Mejuto
Ilustración:
Nuria Díaz
Triqueta Edicions



Teagan White
Loveday Trinick
Impedimenta
Editorial SL

Mathilde Paris
Baía Edicions



French Jess
DK



Razka Piro
Martin Sojdr
Albatros Media

Kate Read
Libros del Zorro
Rojo



PRIMARIA



Xulia Pisón
Universidade da Coruña

Lucía

Belarte

Ilustracións: David Rodríguez
Triqueta verde




Miriam Tirado/Juan Turu
Carambuco ediciones

Patricia Geis
Combel editorial



Alexander Kaufman
Ilustracións: Mariana Rodríguez
Harpercollins





Rocío Martínez
Kalandraka



Britta Teckentrup
Andana Editorial

Miguel Anxo Romero e Leandro Lamas
Edicións Embora



Matt Miers
Dr. Buk

Sabrina Weiss
Ilustración: Giulia de Amicis
VVKIDS



ADULTOS




Taragoña
na historia
90 aniversario da escola
Rosalia de Castro
Xosé Ramón Brea Rei

Xosé Ramón
Brea Rei
Deputación. de
A Coruña



SARA VILA ALONSO
Oito días
sen Eva Cortes


Sara Vila
Alonso
Galaxia



CANDO
SANGREN
OS LOBOS
ADRIÁN GÓMEZ RAMOS
XERAIS

Adrián Gómez
Ramos
Xerais

Diego
Ameixeiras
Xerais



DIEGO AMEIXEIRAS
O CERVO E A SOMBRA
XERAIS



EMILY DICKINSON
La miniatura incandescente
LUCILA BISCIONE
edición, tradución e prólogo MARÍA NEGROTTI

Emily
Dickinson
Libros del
zorro rojo



Paloma Sánchez-Garnica
ÚLTIMOS
DÍAS EN
BERLÍN
FINALISTA PREMIO PLANETA 2021

Paloma
Sánchez-
Garnica
Ed. planeta

Almudena
Gandes
Maxi-
Tuskquets



ALMUDENA
GRANDES
La madre de Frankenstein
EPISODIOS DE UNA GUERRA INTERMINABLE